

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día catorce de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goerno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1129).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1130).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DECORACIÓN LUMINOSA DO NADAL 2016-2017. EXPTE. 3971/106.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 14/11/16, que di o seguinte:

A Mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do Nadal 2016-2017 (3971-106)

Ábrese o sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido neste procedemento, CREACIONES LUMINOSAS, SL, e compróbase polo xefe da Área de Servizos Xerais que as melloras propostas polo licitador se axustan ao esixido nos pregos que rexen esta contratación.

A continuación, ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación que establece que nos supostos nos que só hai un licitador admitido non son de aplicación as fórmulas, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgarlle a máxima puntuación de acordo co seguinte detalle:

Criterios avaliables mediante fórmula	Puntuación
Melloras	50 puntos
Redución do prezo	15 puntos
Incremento do stock de seguridade	5 puntos
Total	70 puntos

En base ao anterior, e tendo en conta o informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais, D. Álvaro Crespo Casal, o 10 de novembro de 2016 no que se lle outorgaron ao licitador 30 puntos, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
CREACIONES LUMINOSAS, SL	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CREACIONES LUMINOSAS, SL, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (lémbrese que a acreditación da solvencia técnica deberá axustarse ao indicado na declaración responsable incluída no sobre A)
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 983,58 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1131).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA OS SERVIZOS DE ESTATÍSTICA E IGUALDADE. EXPTE. 28727/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 8/11/16, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xefa do Servizo de Estatística a través de escrito de data 02/05/2016 expón as necesidades inmediatas de persoal no servizo. No mesmo senso a Xefa do Servizo de Igualdade en escrito de data 25/08/2016, solicita o nomeamento dun/dunha auxiliar para a cobertura da baixa laboral da empregada que presta os seus servizos no Centro de Información da Muller.

En resposta a estas peticións, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 23 de setembro de 2016 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística e Igualdade, nos termos das peticións realizadas polas súas xefas respectivas.

En cumprimento do ordenado, con data 08/11/2016, polo técnico que subscribe, fórmase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito aos Servizos de Estatística, cód. 234 e, Igualdade, cód. 331, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de

2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos de petición das Xefas de Estatística e Igualdade, como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 23/09/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como prioritario, interno e de carácter transversal no caso do Servizo de Estatística e unha competencia propia das recollidas no art. 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dous/dúas auxiliares de administración xeral para os Servizos de Estatística e, Igualdade, supón un gasto de 21.710,24€, (dos que 5.427,56€ corresponden ao presente exercicio 2016 e, 16.282,68€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.968,99€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do

12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Toda vez que neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 20/10/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como auxiliares de administración xeral das aspirantes núms. 11-CANOSA FERNÁNDEZ, MARÍA CARMEN, DNI 35.314.350-N e, núm. 19-CARBALLO TRONCOSO, MARÍA ALMUDENA, DNI 77.004.448-B, que aceptaron expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo

5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as aspirantes propostas Sras. Canosa Fernández e, Carballo Troncoso, prestaron servizos neste Concello durante o período comprendido entre o 01/10/15 e o 31/03/16 e, 01/09/15 a 31/01/16, respectivamente (exptes. 26948/220 e, 26976/220 respectivamente, como funcionarias interinas por acumulación de tarefas, polo que dende o día 01/10/16 e 01/08/16, respectivamente, datas no que cumpriron o período mínimo de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento, están en condicións de ser novamente nomeadas.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística e, Igualdade e, en consecuencia, autorizar o gasto por 21.710,24€, (dos que 5.427,56€ corresponden ao presente exercicio 2016 e, 16.282,68€ ao vindeiro exercicio 2017), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como Auxiliares de Administración Xeral, por un período máximo de seis meses, á D^a. MARÍA CARMEN CANOSA FERNANDEZ, DNI 35.314.350-N e, D^a. MARÍA ALMUDENA CARBALLO TRONCOSO, DNI 77.004.448-B, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local de 16/01/2015 e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do

soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas aos Servizos de Estatística (cód. 234) e, Igualdade, cód. 331, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades dos respectivos Servizos que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, as Xefas dos Servizos de Estatística e, Igualdade, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1132).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA VIGO-ZOO. EXPTE. 28603/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 10/11/16, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Xefe do Servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, a través de escrito de data 19 de agosto de 2016, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous efectivos por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de medios humanos que garantan a operatividade do servizo na cobertura das esixencias establecidas pola normativa vixente, agravado pola existencia de dúas prazas vacantes coas que conta o Servizo de Vigo Zoo.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 06 de setembro de 2016, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigo Zoo nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 19 de agosto de 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 09/11/2016, polo técnico que subscribe, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-Oficial instalacións municipais), adscritos, entre outros, ao Servizo de Vigo Zoo, cód. 612, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa

na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a domingo, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 06/09/2016 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2016 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

A este respecto e, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, foron actualizadas as instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, e que foron aprobadas en data 20 de xuño de 2014 e 29/08/14, definíndose coma servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto, indicando no punto 4 o seguinte:

“4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Segundo o informe técnico que consta no expediente a este respecto, a prestación deste servizo ven levándose a cabo dende a súa inauguración no ano 1971.

En consecuencia, resulta acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, ao tratarse dunha competencia que aínda sendo distinta das propias e das atribuídas por delegación, non se entenderá como exercicio de novas competencias, ao consistir na continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, ao amparo do disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de acordo co establecido na Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral Municipal e nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expte. 27576/220).

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dous oficiais de instalacións municipais pra o Servizo de Vigo Zoo, supón un gasto de 22.232,28€, (dos que 5.558,07€ corresponden ao presente exercicio 2016 e, 16.674,21€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 8.403,84€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 300-Oficial Instalacións Municipais), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, neste intre, a única lista de substitucións vixente nesta categoría profesional foi aprobada polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, na sesión de 27/12/2013, como oficiais coidadores atópase esgotada, ben por que os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e, non existindo bolsa de emprego específica coa categoría de oficial de instalacións municipais e, debido a urxencia que require a prestación deste servizo, procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220, pola similitude de funcións de mantemento existentes entre ámbolos dous postos de traballo de oficial de oficios.

Nas bases xerais do referido proceso selectivo da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as, acordouse expresamente que *"os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos"*.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/das 46 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como corresponde o nomeamento como oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, dos aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 31-CARNERO CAMPOS, OSCAR, DNI 336.157.846-Y e 33-BUGALLO FERNÁNDEZ, JAIME, DNI 35.543.715-K que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os/as aspirantes propostos/as Srs. Carnero Campos e Bugallo Fernández nunca prestaron servizos neste concello, polo que están en condicións de ser nomeados.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais de Instalacións Municipais, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigo Zoo e, en consecuencia, autorizar o gasto por 22.232,28€, (dos que 5.558,07€ corresponden ao presente exercicio 2016 e 16.674,21€ ao vindeiro exercicio 2017), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios interinos por acumulación de tarefas como Oficiais de Instalacións Municipais, por un período máximo de seis meses, á D^a. OSCAR CARNERO CAMPOS, DNI 336.157.846-Y e, D. JAIME BUGALLO FERNÁNDEZ, DNI 35.543.715-K, na súa condición de seguintes aspirantes na lista de oficios resultante da Bolsa de Emprego de oficiais de oficios-sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo). Con carácter previo á toma de posesión, deberase achegar a certificación negativa do Rexistro de Delinquentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún

delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 300-Oficial de Instalacións Municipais, sendo adscritos ao Servizo de Vigo Zoo (cód. 612, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a domingo, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, ao Xefe do Servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1133).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RPT (REORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS INTEGRADOS NA ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA; VOLUNTARIADO; COMERCIO E EDUCACIÓN, READSCRIPCIÓN DE POSTOS DE TRABALLO NA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E REVISIÓN RETRIBUCIÓN DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO). EXPTE. 28189/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 11/11/14, asinado pola técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 10/06/2016, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal, tendo sido recibidas as propostas organizativas e de necesidades de efectivos nos departamentos de Comercio, Voluntariado, servizos integrados na Área de goberno de Cultura, e no Servizo de Educación, unha vez extinguido o organismo autónomo municipal EMAO, así como a necesidade de persoal no Arquivo Municipal dependente desta Área de Goberno de Xestión Municipal, estima a necesidade de implementar a modificación da Relación de Postos de Traballo vixente, concretada nas seguintes:

- Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a do Servizo de Educación” nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 28, CE 625, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Xeral ou Especial.*
- Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a de Servizo da Pinacoteca Municipal” existente na Área de Goberno de Cultura, de xeito tal que se efectúe á redenominação que proceda segundo os informes que se emitan, e sexa reasignado ao Arquivo Municipal, tendo sido prestada a conformidade do efectivo adscrito ao dito posto de traballo, e á vista da petición efectuada pola Concellería-delegada da Área de Goberno de Cultura incorporada ao expediente, indicando o carácter prescindible do posto.*
- Reconfiguración do postos de traballo de “Xefe/a do Servizo de Cultura e Bibliotecas”, existente na Área de Goberno de Cultura, de xeito tal que se efectúe á redenominação do posto de traballo para configurar unha xefatura de servizo de Comercio e Voluntariado, vistas as necesidades reiteradamente manifestadas pola Concellería-delegada da Área de Participación Cidadá e Comercio, e tendo sido prestada a conformidade do efectivo adscrito ao dito posto de traballo, e á vista da petición efectuada pola Concellería-delegada da Área de Goberno de Cultura incorporada ao expediente, indicando o carácter prescindible do posto.*

A maiores do anterior, o Comité de Persoal ten entregado a esta Concellería-delegada unha proposta de revisión de retribucións, de data 12/04/2016, relativa aos postos de traballo de auxiliares administrativos, capataces, oficiais almaceneiros, inspectores, e varias xefaturas de equipo, que, unha vez estudada, se entende de oportuna tramitación, previa a emisión dos informes que procedan.

Á vista do exposto, ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/05/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data; e nos termos do establecido no artigo 165 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, dispoñe:

“Ordenar a incoación de expediente administrativo para a modificación puntual da vixente RPT, aos efectos de implementar as modificacións seguintes:

- Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a do Servizo de Educación” nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 28, CE 625, subgrupo A1 de titulación, escala de Administración Xeral ou Especial.*

- *Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a de Servizo da Pinacoteca Municipal” existente na Área de Goberno de Cultura, de xeito tal que se efectúe á redención que proceda segundo os informes que se emitan, e sexa reasignado ao Arquivo Municipal, con idénticas retribucións, tendo sido prestada a conformidade do efectivo adscrito ao dito posto de traballo, e á vista da petición efectuada pola Concellería-delegada da Área de Goberno de Cultura incorporada ao expediente.*
- *Reconfiguración do postos de traballo de “Xefe/a do Servizo de Cultura e Bibliotecas”, existente na Área de Goberno de Cultura, de xeito tal que se efectúe á redención do posto de traballo para configurar unha xefatura de servizo de Comercio e Voluntariado, subgrupo A1/A2, CD 28/26, CE 630, vistas as necesidades reiteradamente manifestadas pola Concellería-delegada da Área de Participación Cidadá e Comercio, e tendo sido prestada a conformidade do efectivo adscrito ao dito posto de traballo, e á vista da petición efectuada pola Concellería-delegada da Área de Goberno de Cultura incorporada ao expediente.*
- *Revisión retributiva dos postos de traballo de auxiliares administrativos, capataces, oficiais almaceneiros, inspectores, e varias xefaturas de equipo, formulada polo Comité de Persoal a esta Concellería-delegada en escrito de data 12/04/2016.*

Por outra banda, tense recibido na Area de Recursos Humanos e Formacion Doc 160026343 de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 03/03/2016, a empregada municipal D M Jesus Cuesta de Pedro, NP 83183, con posto de Técnico medio de Biblioteca na E.M.A.O. solicita a equiparacion retributiva, Solicitud de regularización do CE (Complemento Específico) de Xosé Feixó Cid, con DNI 76986842T. profesor de linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia da EMAO, actualmente desempeñando funcións de xefe de estudos, contratado laboral fixo asimilado ao grupo A1 e CD 26, no que, solicita a regularización do seu CE, con efectos de 1 de xaneiro de 2016 e Doc.- 160054910 O profesorado da Escola Municipal de Artes e Oficios solicita a aprobación formal da valoración de postos realizada pola empresa EOSA e que de non ser aprobada neste ano, se lles continue retribuindo como se viña facendo ata a data.

Ao dito expediente se acompañan os documentos seguintes, contendo a motivación e a análise das modificacións propostas, e tomados como referencia pola concellería-delegada da Área de Xestión Municipal:

Proposta de redimensionamento do Servizo de Educación, asinado pola concelleira- delegada de Educación.

Proposta de reorganización e reestruturación da Area de Cultura.

Escritos do Comité de Persoal en relación coa proposta de incremento retributivo dos postos de auxiliares administrativos, capataces, oficial almaceneiro adscrito ao Servizo de Contratación, inspectores C1, xefes de equipo e xefe de equipo cemiterios, así como solicitude de retroactividade de ditos incrementos a data 01/01/2016.

Tramitado o expediente administrativo con plena suxeición ao preceptuado nas vixentes Leis de procedemento administrativo comun das Administracións Públicas e tendo sido emitido informe de fiscalización previa, en data 21/09/2016.

En data 15/09/2016 foi sometida a negociación colectiva cos sindicatos, segundo acta da mesma data incorporada ao expediente.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 29/09/2016, acordou:

“Primeiro.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de traballo do Concello de (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede, concretada nas modificacións seguintes:

- *Reconfiguración do posto de traballo Codg RTB 60 “Xefe/a Educación” nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 28, CE 625, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Xeral ou Especial, pasando a denominarse Xefe/a do servizo de Educacion*
- *Modificación da denominación do posto Codg Rtb 293 “Xefe/a de Servizo da Pinacoteca Municipal”, redenomíndose como “Tecnico/a de actividades sociais”,*
- *Creación do Servizo (Departamento) de Comercio*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 13 Xefe/a de Cultura e Bibliotecas”, modificando a súa denominación pola de “Xefe de Comercio”, debendo configurarse retributivamente como subgrupo A2, CD 26, CE 640*
- *Reconfiguración do posto “Oficial Almaceneiro” (Clave do posto 24205), redenomíndose en Auxiliar técnico de contratación” , e modificando o seu CE ao codg 142.*
- *Modificación da denominación dos postos Codg Rtb 655 Auxiliar administrativo EMAO e Corg Rtb 617 “Auxilair administrativo IMD” pasando a denominarse “Auxiliar administrativo” , reconfigurándose as retribucións dos mesmos mais as dos postos de” Auxilliar administrativo” Codg rtb 140 e “Auxiliar “codg rtb138 con CE 159*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 159 “Auxiliar Aequivo” , asignandolle o CE 159.*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 136 “ Auxiliar Servizos Internos” , coa asignación do CE 159.*
- *Reconfiguración dos postos Codg Rtb 116.”Capataz Vías e Obras” 118.- Capataz Desinfeccion, 117.- Capataz electromecánicos, .121.- cpataz Parque Mobil e 120.- Capataz Montes, Parques e xardíns, mediante a asignación do CE 307*
- *Reconfiguración dos postos Codg Rtb 184 “Xefes de equipo”, asignandoselles o CE 409*

- *Reconfiguración do posto Codg Rtb187 “ xefe equipo cemiterios” asignandoselle o CE 550*
- *Modificación do Complemento de destino dos postos 131 Inspector/a Consumo, Codg 143 Inspector Control concesionarias, Codg 255 Inspector medio ambiente, Codg 254 Inspector Mobilidade e Seguridade e Codg 185 Inspector Obras, servizos e infraestruturas, pasando do CD 18 ao Cd 20.*
- *Redenominación do servizo código 328 “Área de Cultura, Festas e Museos”, pasando a “Área de Cultura”*
- *Adscripción dos postos existentes no código 330-Cultura – Postos Codg 94.clave posto 33005- Xefe/a Oficina Adtva programación Cultural e posto Codg Rtb 138 e clave do posto 33007 “ Auxilair” ao código 328-Área de Cultura*
- *Adscripción dos postos codg Rtb 253 “Encargado de Instalacións Culturais”, dous postos Codg Rtb 147 “Axudante de Oficios”, un deles vacante e un posto vacante Codg Rtb 158 “Peon traballos exteriores”, existentes no servizo 14-Museos ao servizo 328-Área de Cultura:*
- *Reconfiguración do posto codg Rtb 631 “Profesor/a Linguas da Comunidade Autónoma, redenominandolle “Xefe estudos EMAO” , asignandoselle o CE 680*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 653, Técnico/a Música Tradicional, coa asignación do CE 680*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 653 “Técnico/a Medio Biblioteca Emao”, pasando a denominarse Técnico Medio Biblioteca (Codg Rtb 82) e a asignación do CE 690*
- *Modificación dun posto vacante de “Asesor Alcaldía” que pasa a denominarse “Adxunto/a Director de Gabinete Alcaldía”, incrementando as súas retribucións en 11.327 euros anuais, segundo acordo Plenario de data 26/07/2016*
- *Adscripción a Área de Recursos Humanos e Formación –Codg 220- dun posto de Técnico/a de Admon Xeral asociado a praza da mesma denominación, transferida da Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo acordo Plenario de data 26/07/2016*
- *Aprobación das Guías de Funcións dos postos de Auxiliar admon xeral, Auxiliar de servizos internos, Auxilair de arquivo, Capataces, Xefes de equipo, Xefe de equipo, Xefe de equipo cemiterios, Inspector municipal, Auxiliar técnico contratación, Xefe estudos Emao, Técnico/a Música Tradicional*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 311 Xefe da Unidade de Técnica Control de Implantación de Servizos na Vía Pública como susceptible de ser ocupado por funcionarios do Grupo A (subgrupos A1 e A2) de titulación.*

Segundo.- Acordar o sometemento a información pública por un prazo de 20 días, contados dende a data de aprobación, do presente expediente de modificación puntual da RPT, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de

abril, de emprego público de Galicia, transcurrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non se plantexarse reclamacións, desplegando efectos económicos e administrativos de 01/01/2016.

Terceiro.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento ás modificacións puntual acordada, con cargo á partida orzamentaria 92001210300 "Fondo de adecuacion retributiva 2016", e 3261.1300001 "Adecuacion Retributiva" nos termos do indicado nos apartados anteriores.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás áreas e/ou servizos afectados, Xefaturas de Área de Concello de Vigo, e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos."

Sometido o expediente a información pública no taboleiro de edictos do Concello e BOP da provincia de Pontevedra en data 03/10/2016 (BOP nº 189) por un prazo de 20 días hábiles, foron presentadas en prazo as alegacións seguintes:

–Documento 160134136 de data de entrada 07/10/2016, asinada polo empregado municipal D Ramon Vazquez Martinez,

–Documento 160134263, con data de entrada 07/10/2016, asinada por D Cayetano Rodriguez Escudero

–Documento 160135461, con data de entrada 19/10/2016, asinada por D Luis Perez Montes,

–Documento 160142313 presentada en data 25/10/2016, na que o funcionario D Jose Angel Hermida Fernandez

Non consta a presentación de alegacións fora de prazo.

Incorpóranse ao expediente informe emitido en data 09/11/2016 pola Area de Recursos Humanos e Formacion.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

-ARTIGO 74 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO:

"Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos"

- ARTIGO 202 DA LEI 2/2015, DE 29 DE ABRIL, DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA:

"1. Las entidades locales deberán elaborar una relación de puestos de trabajo que contenga todos los puestos de trabajo existentes en las mismas.

2. La relación de puestos de trabajo, previo cumplimiento de los trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente por el órgano de la entidad local que resulte competente según lo establecido por la legislación de régimen local y sometida a información pública por un plazo no inferior a veinte días. Transcurrido dicho plazo, la aprobación se elevará a definitiva si no se plantearon reclamaciones, sugerencias o alegaciones. En caso contrario, la relación de puestos de trabajo deberá ser objeto de aprobación definitiva, previa resolución de las reclamaciones, sugerencias o alegaciones presentadas.

Una vez aprobada definitivamente, de la relación de puestos de trabajo se remitirá copia a los órganos competentes de la Administración general del Estado y de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia dentro del plazo de treinta días, y será publicada íntegramente en el boletín oficial de la provincia.”

Segundo o contemplado no artigo 202.2 da Lei 5/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a modificación puntual proposta, tras o trámite de información pública por un prazo de 20 días deberá ser sometida a aprobación definitiva para resolución das alegacións plantexadas.

O órgano competente para a aprobación da RPT e das súas modificacións é a Xunta de Goberno local, segundo o artigo 127.1, h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data, e coa conformidade da mesma, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar, en atención ao informe da Area de Recursos Humanos e Formacion de data 09/11/2016 , as alegacions presentadas por D Ramon Vazquez Martinez, (Doc 160134136 de data de entrada 07/10/2016), D Cayetano Rodriguez Escudero (Doc 160134263, con data de entrada 07/10/2016), D Luis Perez Montes, (Doc. 160135461, con data de entrada 19/10/2016) e D Jose Angel Hermida Fernandez (Doc 160142313 presentada en data 25/10/2016), contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 29/09/2016, polo que se aproba inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) .

Segundo.- Aprobar a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e sucesivas modificacións publicadas nos BOP nº 8 de 12/01/2012, nº 60 de 26/03/2012, nº 98 de 23/05/2012, nº 149 de 03/08/2012, nº 180 de 18/09/2012, nº 41 de 27/02/2013, nº 88 de 08/05/2013, nº 16 de 26/01/2016 e nº 24 de 05/02/2016, nº 57 de 23/03/2016, nº 110 de 09/06/2016 e nº 113 de 14/06/2016) nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede e das instrucións do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 10/06/2016 e 09/11/2016, concretada nas modificacións seguintes:

- *Reconfiguración do posto de traballo Codg RTB 60 “Xefe/a Educación” nos termos da solicitude enviada pola Concellería-delegada da Área, debendo configurarse cunhas retribucións complementarias de CD nivel 28, CE 625, subgrupo A1 de titulación, Escala de Administración Xeral ou Especial, pasando a denominarse Xefe/a do servizo de Educacion*
- *Modificación da denominación do posto Codg Rtb 293 “Xefe/a de Servizo da Pinacoteca Municipal”, redenominándose como “Técnico/a de actividades sociais”,*
- *Creación do Servizo (Departamento) de Comercio*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 13 Xefe/a de Cultura e Bibliotecas”, modificando a súa denominación pola de “Xefe de Comercio”, debendo configurarse retributivamente como subgrupo A2, CD 26, CE 640*
- *Reconfiguración do posto “Oficial Almaceneiro” (Clave do posto 24205), redenominándose en Auxiliar técnico de contratación” , e modificando o seu CE ao codg 142.*
- *Modificación da denominación dos postos Codg Rtb 655 Auxiliar administrativo EMAO e Corg Rtb 617 “Auxilair administrativo IMD” pasando a denominarse “Auxiliar administrativo” , reconfigurándose as retribucións dos mesmos mais as dos postos de “Auxiliar administrativo” Codg rtb 140 e “Auxiliar “codg rtb138 con CE 159*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 159 “Auxiliar Aequivo” , asignandolle o CE 159.*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 136 “ Auxiliar Servizos Internos” , coa asignación do CE 159.*
- *Reconfiguración dos postos Codg Rtb 116.”Capataz Vías e Obras” 118.- Capataz Desinfección, 117.- Capataz electromecánicos, .121.- cpataz Parque Mobil e 120.- Capataz Montes, Parques e xardíns, mediante a asignación do CE 307*
- *Reconfiguración dos postos Codg Rtb 184 “Xefes de equipo”, asignandoselles o CE 409*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb187 “ xefe equipo cemiterios” asignandoselle o CE 550*
- *Modificación do Complemento de destino dos postos 131 Inspector/a Consumo, Codg 143 Inspector Control concesionarias, Codg 255 Inspector medio ambiente, Codg 254 Inspector Mobilidade e Seguridade e Codg 185 Inspector Obras, servizos e infraestruturas, pasando do CD 18 ao Cd 20.*
- *Redenominación do servizo código 328 “Area de Cultura, Festas e Museos”, pasando a “Área de Cultura”*
- *Adscripción dos postos existentes no código 330-Cultura – Postos Codg 94.clave posto 33005- Xefe/a Oficina Adtva programación Cultural e posto Codg Rtb 138 e clave do posto 33007 “ Auxilair” ao código 328-Área de Cultura*

- *Adscripción do postos codg Rtb 253 “Encargado de Instalacións Culturais”, dous postos Codg Rtb 147 “Axudante de Oficinos”, un deles vacante e un posto vacante Codg Rtb 158 “Peon traballos exteriores”, existentes no servizo 14-Museos ao servizo 328-Área de Cultura:*
- *Reconfiguración do posto codg Rtb 631 “Profesor/a Linguas da Comunidade Autónoma, redenomíndolle “Xefe estudos EMAO”, asignándosele o CE 680*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 653, Técnico/a Música Tradicional, coa asignación do CE 680*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 653 “Técnico/a Medio Biblioteca Emao”, pasando a denominarse Técnico Medio Biblioteca (Codg Rtb 82) e a asignación do CE 690*
- *Aprobación das Guías de Funcións dos postos de Auxiliar admon xeral, Auxiliar de servizos internos, Auxiliar de arquivo, Capataces, Xefes de equipo, Xefe de equipo, Xefe de equipo cemiterios, Inspector municipal, Auxiliar técnico contratación, Xefe estudos Emao, Técnico/a Música Tradicional*
- *Reconfiguración do posto Codg Rtb 311 Xefe da Unidade de Técnica Control de Implantación de Servizos na Vía Pública como susceptible de ser ocupado por funcionarios do Grupo A (subgrupos A1 e A2) de titulación.*

Segundo.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento ás modificacións puntual acordada, nos termos do informe de fiscalización previa emitido ao presente expediente, con cargo á partida orzamentaria “Fondo de regularización retributiva”, e segundo o indicado no apartado anterior do presente acordo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ás áreas e/ou servizos afectados, Xefaturas de Área de Concello de Vigo, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral e Intervención Xeral Municipal, e Comité de Persoal, para coñecemento e efectos, remitindo igualmente copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, debendo publicarse íntegramente no boletín oficial da provincia.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1134).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BUEU. EXPTE. 4096/440.

Visto o informe xurídico do 28/10/16 e o informe de fiscalización do 14/11/16, dáse conta do informe-proposta do 2/11/16, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente en Pleno celebrado o 9 de decembro de 2015, recolle, dentro do capítulo de "pavimentación de vías públicas", a aplicación orzamentaria núm. 1532.6190052 "Humanización Rúa Bueu"

2º.- Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 21/01/2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil SOLTEC INGENIEROS, S.L.

3º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3205/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 29 de setembro de 2016, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 29.09.2016 correspóndese co expediente administrativo 3.205/443.*
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, D. Jerónimo Centrón e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento. D. Oscar Couce Senra, de data 04.10.2016*
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinado polo Concelleiro Delegado da Área de Deportes de data 04.10.2016.*
- d) Acta de replanteo asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños con data 05.10.2016.*
- e) Prego de prescricións técnicas particulares redactado polos Enxeñeiros, D. Daniel Prieto Renda e D. Manuel Camans Rodríguez, de acordo co proxecto aprobado pola XGL en data 29.09.2016*
- f) Informe da técnica de administración xeral do departamento de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 14.10.2016.*

g) *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28.10.2016.*

h) *Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 28.10.2016, sobre o PCAP de data 28.10.2016.*

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica, con data 28/10/2016, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA RUA BUEU.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral do departamento de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28.10.2016..

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de OITOCENTOS VINTE CINCO MIL TRECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON CUARENTA E SEIS CÉNTIMOS (825.387,46€) e data de xullo de 2016, sendo o importe correspondente ao IVE de 143.249,06 €..

Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.6190052 "HUMANIZACIÓN RÚA BUEU", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado, aplicándose a seguinte distribución de anualidades:

2016: 222.000,00 €

2017: 603.387,46 €

O Valor estimado do contrato estipúlase en OITOCENTOS DEZAOITO MIL CINCOCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON 8 CÉNTIMOS (818.566,08€).

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 271,80 %.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.